



## GRAN LOGRO DOS MODESTOS

A pasada xornada deixounos un saldo moi positivo para o Numancia. Vitorias de modestos, xuvenís e infantís e bo traballo dos cadetes ante o As Pontes. Analizamos os partidos da pasada fin de semana:

**MODESTOS:** Vitoria na penúltima xornada en Ares ante o Mandiá e confirmación do 4º posto na clasificación da Segunda Autonómica; a mellor clasificación do primeiro equipo do Numancia na Segunda Autonómica nos últimos anos. Pouco máis que añadir. ¡¡¡Noraboa a tod@s!!!



**XUVENÍS:** Triunfo importante ante a SD Val &quot;B&quot; a domicilio no anexo de O Sinde para recuperar o liderato. Chegan as últimas 3 xornadas con Numancia, Portuarios e CD As Pontes loitando pola liga e pola fase de ascenso e con enfrontamentos directos entre todos eles nas últimas tres xornadas....

**CADETES:** Bo traballo ante o segundo clasificado, un CD As Pontes que sufriu para vencer en Prados Vellos.

**INFANTÍS:** O venres meritoria vitoria ante o sempre compriado CD As Pontes en O Poboado. O sábado axudaron os cadetes no seu partido.

**FÚTBOL - 8:** Tres partidos houbo o venres en Prados Vellos. Os **alevíns** caían ante o Galicia de Caranza &quot;D&quot; nun duelo moi igualado. Vitoria clara dos

**benxamíns**

ante un aguerrido Racing San Pedro. O

**prebenxamín &quot;B&quot;**

empataba co X. Cabañas nun fermoso partido. O sábado o

**prebenxamín &quot;A&quot;**

vencía en A Pedreira ante o Galicia de Mugarodos no derbi da categoría.

En resumo, unha xornada que nos deixou a ledicia dos modestos con corte de pelo incluído e que deixa aos xuvenís nuha posición inmejorable de cara as últimas tres xornadas. ¿Algúen da mais)

O Numancia somos tod@s

¡¡¡AUPA NUMANCIA!!!